


XEOGRAFÍA

Primera pregunta. Su valoración máxima es de 3 puntos: se requiere una breve definición utilizando términos geográficos.

Segunda pregunta. Su valoración máxima es de 3 puntos: se requiere el correcto análisis e interpretación del documento, a partir de los elementos cartografiados.

Tercera pregunta. Su valoración máxima es de 4 puntos: se valorará la organización y exposición de los contenidos.

- 1.- Defina brevemente los siguientes conceptos: Municipio; Barlovento; Crecimiento vegetativo; Isoyeta; Padrón Municipal; Silvicultura.
- 2.- Atendiendo al documento, responda a las siguientes cuestiones:
 - a) Identifique la figura e indique a qué área litológica se corresponde cada número señalado en la leyenda.
 - b) Relacione las cuatro litologías con las unidades morfoestructurales fundamentales.
 - c) Roquedo predominante y ejemplos de modelado correspondiente a cada área litológica.



Fuente: Adaptado de *España en Mapas. Una síntesis geográfica*. IGN.

- 3.-Desarrolle el tema: Los paisajes agrarios españoles. Debe incidirse en las grandes tipologías paisajísticas, indicando para cada una de ellas: a) Ubicación aproximada; b) Clima y vegetación asociada; c) Tipo de estructura y aprovechamiento agrario.


XEOGRAFÍA

Primeira pregunta. A súa valoración máxima é de 3 puntos: requírese unha breve definición empregando termos xeográficos.

Segunda pregunta. A súa valoración máxima é de 3 puntos: requírese a correcta análise e interpretación do documento, a partir dos elementos cartografados.

Terceira pregunta. A súa valoración máxima é de 4 puntos: valorarase a organización e exposición dos contidos.

- 1.- Defina brevemente os seguintes conceptos: Municipio; Barlovento; Crecemento vexetativo; Isohietas; Padrón Municipal; Silvicultura.
- 2.- Atendendo ao documento, responda ás seguintes cuestións:
 - a) Identifique a figura e indique a que área litolóxica se corresponde cada número sinalado na lenda.
 - b) Relacione as catro litoloxías coas unidades morfoestructurais fundamentais.
 - c) Rochedo predominante e exemplos de modelado correspondente a cada área litolóxica.



Fonte: Adaptado de *España en Mapas. Una síntesis geográfica*. IGN.

- 3.-Desenvolva o tema: As paisaxes agrarias españolas. Debe incidirse nas grandes tipoloxías paisaxísticas, indicando para cada una delas: a) Localización aproximada; b) Clima e vexetación asociada; c) Tipo de estrutura e aproveitamento agrario.

XEOGRAFÍA**CRITERIOS DE CORRECCIÓN EXAME XEOGRAFÍA MAIORES 25****1.- Defina brevemente os seguintes conceptos:**

Municipio.- Entidade administrativa de carácter local e división territorial que constitúe o nivel básico da organización do Estado español. O seu goberno e administración corresponden ao concello.

Barlovento.- Aba dun relevo montañoso que pola súa orientación respecto ao vento dominante queda exposto ao fluxo ascendente do aire. A aba de sotavento, polo contrario, queda exposta ao fluxo descendente.

Creceamento vexetativo ou natural.- Diferenza entre o número de nacementos e o de defuncións.

Isohieta.- Isolíña imaxinaria que une puntos con iguais valores de precipitacións, nun mapa no que se expresen cantidades de precipitación recibida por áreas.

Padrón municipal de habitantes.- Rexistro que leva a cabo cada concello sobre a poboación que vive no seu municipio. Contén tamén información sobre as características da poboación, aínda que algo menos detallada que a do censo. A súa principal vantaxe é a de tratarse dun rexistro vivo, dinámico, xa que cando unha persoa se traslada a vivir a outro municipio ten a obriga legal de empadroarse nel. De aí que sexa denominado padrón continuo de poboación. Isto quere dicir que en calquera momento se pode coñecer a cantidade de poboación dun municipio, así como as súas principais características, polo que é un dato de vital importancia para os concellos, xa que reciben máis ou menos financiamento en función da poboación que teñan.

Silvicultura.- Actividade que trata do cultivo de montes e bosques. A práctica máis habitual da silvicultura é o aproveitamento forestal de espazos destinados á produción de madeira, leña ou resinas, pero que tamén poden ter un efecto positivo na protección de cuncas hidrográficas, a conservación de hábitats naturais –susceptibles de integrarse en parques naturais protexidos- e o desenvolvemento de espazos recreativos.

2.- Atendendo ao documento, responda ás seguintes cuestións:

a) Identifique a figura e indique a que área litolóxica se corresponde cada número sinalado na lenda.

Trátase dun mapa da Península Ibérica e dos arquipélagos canario e balear de tipo corocromático-temático coa trama de provincias, a rede fluvial principal e a representación corocromática da litoloxía predominante na Península e nos arquipélagos.

XEOGRAFÍA

Número 1 coa cor rosa: Área silícea

Número 2 coa cor verde: Área calcaria

Número 3 coa cor amárela: Área arxilosa

Número 4 coa cor morada: Área volcánica

b) Relacione as catro litoloxías coas unidades morfoestructurais fundamentais.

Área silícea:

- Rochas moi antigas, do Precámbrico e do Paleozoico que foron antigos macizos arrasados.

- Localízanse nas rexións nas que aflora o vello zócalo herciniano ou varisco da Meseta e en zonas doutros macizos antigos. Todo o terzo oeste peninsular (excepto zona de Lisboa) e se estende cara o oeste da Cordilleira Cantábrica, Sistema Central, Montes de Toledo e Serra Morena; e formando manchas illadas, no eixe central dos Pireneos, Penibéticas, algunhas serras do Sistema Ibérico e a Cordilleira Costeira-Catalá.

Área calcaria:

- Rochas sedimentadas durante o Mesozoico e comezos do Terciario que co pregamento alpino formaron os conxuntos montañosos da zona oriental española.

- Esténdese formando unha Z invertida, desde as costas catalás ata o estreito de Xibraltar. Pireneos, Sur da Cordilleira Costeira-Catalá, Montes Vascos, e metade oriental da Cordilleira Cantábrica, Sistema Ibérico e Subbéticas. Domina no arquipélago balear, salvo as chairas centrais.

Área arxilosa:

- Rochas que foron depositadas a finais do Terciario e no Cuaternario.

- Se estende polas depresións terciarias: as cuncas castelás, as depresións do Ebro e Guadalquivir; as chairas litorais mediterráneas e a depresión do Sado-Texo.

Área volcánica:

- Nas erupcións volcánicas durante a era terciaria, ascenderon masas de rochas volcánicas.

- Illas Canarias e zonas da península como Cabo de Gata, Olot e Campo de Calatrava.

c) Rochado predominante e exemplos de modelado correspondente a cada área litolóxica.

Área silícea:

- Poden ser rochas metamórficas como as lousas, xistos ou gneis, ou ígneas como o granito.

- Relevo granítico: areas pardoamarelas, crestas, pedregais, domos, berrocais, caos granítico.

Área calcaria:

- Rocha predominante e a calcaria.

XEOGRAFÍA

- Relevo cárstico: lapiás, foces, poljés, dolinas, covas e simas.

Área arxilosa:

- Rochas como as arxilas, margas e xesos.

- Forman relevos basicamente horizontais, por non sufrir pregamentos posteriores. A súa rápida erosión xera:

- Zonas de escasa vexetación: cárcavas que poden orixinar os badlands.
- Zonas onde a erosión dos ríos abriu vales que separan estruturas horizontais con alternancia de materiais e orixinan chairas suavemente onduladas: as campiñas.

Área volcánica:

- Segundo a viscosidade da lava e a proporción de produtos sólidos poden ser: lapilli, escorias, bombas volcánicas ou coladas.

- Formas máis características: conos volcánicos, calderas, domos, malpaíses, diques, barrancos volcánicos.

3.-Desenvolva o tema: As paisaxes agrarias españolas. Debe incidirse nas grandes tipoloxías paisaxísticas, indicando para cada una delas: a) Localización aproximada; b) Clima e vexetación asociada; c) Tipo de estrutura e aproveitamento agrario.

Segundo se combinen diversos factores físicos, sociais e culturais, as paisaxes agrarias españolas agrúpanse en cinco grandes tipos: paisaxe atlántica, mediterránea, de interior, de montaña e paisaxe de Canarias. Cada unha destas paisaxes pode presentar particularidades que fan de España un país con gran diversidade paisaxística.

-Paisaxe agraria atlántica.

As paisaxes atlánticas son propias dos espazos litorais e prelitorais da cornixa cantábrica e das terras galegas. Predominan as zonas montañosas e, por tanto, o relevo é accidentado.

O clima é oceánico chuvioso con temperaturas suaves, o que favorece a presenza de prados e bosques caducifolios. O bosque caducifolio foi explotado de forma intensiva para obter madeira ou para a ampliación dos prados. Actualmente, procédese a repoboacións forestais de especies máis produtivas, como o pino e o eucalipto.

A agricultura ocupa pouca extensión. Actualmente, o policultivo orientado ao autoconsumo desapareceu case por completo. O prado dedícase a pasto para a gandería bovina ou ben á produción de forraxe. O monocultivo que ocupa máis superficie é o millo forraxeiro. Tamén é tradicional a maceira, para a produción de sidra.

A gandería está orientada á cría de vacún para leite, no País Vasco, Cantabria e Asturias. A fin de mellorar a produción, incrementouse a cabana gandeira coa

XEOGRAFÍA

introdución de novas razas, como a vaca frisona da cal se obtén máis e mellor leite. En Galicia, a produción de vacún destínase en boa medida a carne.

A estrutura agraria é minifundista, sobre todo en Galicia, onde o agricultor posúe pequenas parcelas diseminadas, por iso estimulouse a concentración parcelaria. As explotacións gandeiras son pequenas, tanto en superficie como en cabezas de gando, polo que predomina a explotación familiar ou as pequenas empresas, ambas relacionadas coas industrias láctea ou cárnica.

A dedicación gandeira explica que a poboación agraria viva dispersa en casaríos ou en aldeas. Actualmente, as facilidades nas comunicacións permiten aos gandeiros vivir en pobos cercanos, e algúns casaríos vanse convertendo en residencias de verán ou de fin de semana.

-Paisaxe agraria mediterránea.

As paisaxes mediterráneas ocupan terras do litoral e prelitoral mediterráneo, as áreas das depresións do Ebro e do Guadalquivir que reciben a influencia mariña e as Illas Baleares.

Na súa maioría son lugares de relevo accidentado pero hai chairas litorais e vales sedimentarios con solos fértiles. O terreo forestal, aínda que ten unha extensión importante, é pouco produtivo, porque a proporción de monte para extraer madeira é escasa. En xeral, as áreas arbóreas fóronse degradando ao igual que as arbustivas.

O clima caracterízase polas escasas precipitacións. A seca agudízase durante o verán, cando as temperaturas son máis altas. Estas condicións climáticas xustifican a práctica dunha agricultura de secano, onde os cultivos principais son os cereais, a viña e a oliveira, que forman a triloxía mediterránea. A oliveira ocupa millóns de hectáreas, a maioría en Andalucía (Xaén); tamén destacan Badaxoz e Cidade Real. Outros cultivos mediterráneos son a amendoeira, a abeleira e o algarrobo.

Naquelas zonas onde as temperaturas son máis suaves e os solos fértiles practícase a agricultura de regadío, con técnicas sofisticadas de rego, difusión de invernadoiros, coidada selección de planteis e uso de toda clase de produtos fitosanitarios. Os principais cultivos son: as hortalizas temperás plantadas ao aire libre ou baixo plástico, como en Andalucía; os cítricos nas hortas de Levante, dende Castellón a Murcia, e os froitos tropicais (aguacate, chirimoia...) nas hoias andaluzas de Málaga e Granada, onde o inverno é moi suave.

A gandería ovina e caprina é extensiva nas zonas de secano. A bovina e porcina teñen carácter intensivo en Cataluña xa que está destinada a abastecer a numerosa poboación dos núcleos urbanos.

A estrutura agraria caracterízase por explotacións de tamaño medio aínda que en Andalucía predomina o latifundio. Nas chairas litorais as explotacións son de pequenas dimensións cultivadas de forma intensiva.

A poboación, moi numerosa, tende a concentrarse en grandes pobos, aínda que tamén existe o hábitat disperso.

XEOGRAFÍA

-Paisaxe agraria de interior.

Este tipo de paisaxe comprende as terras interiores de Castela e León, Castela-A Mancha e enclaves das depresións do Ebro e do Guadalquivir. Predominan as zonas chas cunha altitude elevada na Meseta.

O clima é de tendencia continental con altas temperaturas estivais e fríos invernos con frecuentes xeadas. A falla de precipitacións en case todas estas zonas limita o tipo de agricultura e o crecemento dos bosques. O terreo forestal é escaso, en ocasións asociado a cultivos herbáceos ou barbeito, e ao pastoreo, como é o caso das dehesas.

As terras de interior teñen en común o cultivo de cereais, con rotacións de cultivos, de tipo bienal ou trienal. No pasado, o trigo foi o cereal principal, pero hoxe foi substituído pola cebada, que permite rotacións máis curtas e destínase prioritariamente ao consumo do gando. O traballo do campo está moi mecanizado; utilízanse abonos químicos e sementes de calidade, o que permitiu a redución do barbeito. Xunto aos ríos hai pequenas explotacións hortofrutícolas e captacións de auga para o rego ocasional dos cereais, coa fin de obter o maior beneficio posible co mínimo consumo.

Nas zonas de secaño predomina o gando ovino, que aproveita os prados de montaña (Meseta e Aragón). Nas proximidades dos núcleos urbanos atópanse naves de explotacións de gandería industrial (porcino, bovino e avicultura), mentres que nas dehesas estremeñas e salmantinas hai gandería extensiva industrial (porcina, ovina e bovina).

Tradicionalmente, a estrutura agraria era de terras moi parceladas cunha densa rede de camiños con centro en pobos grandes. Hoxe, nas zonas de secaño e nas campiñas do Guadalquivir predominan as explotacións grandes cunha agricultura extensiva mecanizada. Nas zonas de regadío a propiedade é mediana. Sen embargo, estase substituíndo por propiedades extensas e tecnificadas cuxa produción destínase á industria agroalimentaria.

A poboación é escasa, predomina a poboación avellentada a causa dun elevado éxodo rural. O hábitat concéntrase tanto en pequenos núcleos rurais como en cidades de longa tradición agropecuaria.

-Paisaxe agraria de montaña.

As paisaxes agrarias de montaña localízanse nas altitudes baixas e medias do Norte peninsular e nas altas e medias do Sur. Son zonas de relevos escarpados onde o clima é frío con precipitacións en forma de neve e cun considerable contraste entre a vertente Sur, máis cálida e a vertente Norte, de máis baixas temperaturas.

As actividades agropecuarias e silvícolas caracterízanse polo graduamento dos usos do solo segundo a altitude e a insolación. Nas montañas do Norte as paisaxes son parecidas ao modelo alpino, con terras de pasto, hortas e cultivos no fondo dos vales, bosques nas vertentes e prados de altura. Nas montañas do Sur, os cultivos gradúanse ata os 1500 e 2000 m. na parte de solaina. As ladeiras baixas están traballadas en bancais, hoxe moi abandonados pola dificultade de empregar maquinaria.

XEOGRAFÍA

A explotación forestal baséase no aproveitamento da faia e do castiñeiro, cuxa madeira é moi apreciada. Son especies de crecemento lento, por iso estendeuse a repoboación de piñeiros (para madeira e pasta de papel) e de eucaliptos. A gandería é bovina e ovina, criada de forma extensiva. A ovina mantén unha trashumancia local.

A estrutura agraria é de pequenas propiedades de áreas cultivadas en vales e ao pé das montañas mentres que moitas superficies forestais continúan sendo de propiedade municipal ou mancomunada entre varios concellos.

O poboamento é escaso e concéntrase en pequenos núcleos dos vales que tamén articulan as comunicacións. En xeral, os vales e as terras situadas ao pé da montaña están moi parceladas e separadas por sebes e camiños arborados. Algúns bosques aclaráronse en niveis baixos para pastos. Actualmente, as paisaxes de montaña transfórmanse debido ao impacto do turismo.

-Paisaxe agraria de Canarias.

A paisaxe agraria de Canarias caracterízase por:

- Factores físicos. O arquipélago, de solos volcánicos, ten un relevo escarpado, por tanto, débense aproveitar para a agricultura barrancos, cumios e ladeiras. O clima é cálido subtropical con tan escasa pluviosidade que ás veces recorre aos cultivos baixo enareados artificiais para conservar a humidade ao máximo.
- Sistemas agrícolas e gandeiros. O primeiro produto segue sendo o plátano, con algo máis de 400.000 Tm producidas en 2019; coa maior produción en Tenerife e A Palma. O segundo produto é o tomate de exportación (Gran Canaria, Tenerife e Fuerteventura) e despois a pataca (Tenerife e Gran Canaria). Para aumentar o rendemento instaláronse importantes superficies de cultivos protexidos baixo plástico que acadan boas colleitas de hortalizas, tomate de exportación e froiteiras en Gran Canaria e de froiteiras e plátanos en Tenerife.

A gandería máis numerosa é a caprina, que nos últimos dez anos aumentou o número de cabezas en máis dun 35%; séguelle a ovina que case triplicou o seu número, mentres que o bovino e o porcino están en retroceso.

- Estruturas agrarias. O tipo de propiedade é variado. En zonas de longa tradición de economía de subsistencia a propiedade é pequena, en cambio, na costa, hai propiedades extensas destinadas á comercialización da súa produción. A poboación agraria está en franco retroceso e a dedicada ao pastoreo é poboación avellentada. O hábitat rural é concentrado.
- Explotación forestal. Os bosques canarios sufriron no pasado talas abusivas para a súa explotación ou para conseguir máis espazo agrícola. Actualmente boa parte da superficie forestal está protexida, en especial os bosques de pino canario e a laurisilva, con zonas declaradas Patrimonio da Humanidade, como o Parque de Garajonay, en A Gomera.

XEOGRAFÍA**CRITERIOS DE CORRECCIÓN EXAME XEOGRAFÍA MAIORES 25****1.- Defina brevemente os seguintes conceptos:**

Municipio.- Entidade administrativa de carácter local e división territorial que constitúe o nivel básico da organización do Estado español. O seu goberno e administración corresponden ao concello.

Barlovento.- Aba dun relevo montañoso que pola súa orientación respecto ao vento dominante queda exposto ao fluxo ascendente do aire. A aba de sotavento, polo contrario, queda exposta ao fluxo descendente.

Creceamento vexetativo ou natural.- Diferenza entre o número de nacementos e o de defuncións.

Isohietas.- Isohietas imaxinarias que unen puntos con iguais valores de precipitacións, nun mapa no que se expresen cantidades de precipitación recibida por áreas.

Padrón municipal de habitantes.- Rexistro que leva a cabo cada concello sobre a poboación que vive no seu municipio. Contén tamén información sobre as características da poboación, aínda que algo menos detallada que a do censo. A súa principal vantaxe é a de tratarse dun rexistro vivo, dinámico, xa que cando unha persoa se traslada a vivir a outro municipio ten a obriga legal de empadronarse nel. De aí que sexa denominado padrón continuo de poboación. Isto quere dicir que en calquera momento se pode coñecer a cantidade de poboación dun municipio, así como as súas principais características, polo que é un dato de vital importancia para os concellos, xa que reciben máis ou menos financiamento en función da poboación que teñan.

Silvicultura.- Actividade que trata do cultivo de montes e bosques. A práctica máis habitual da silvicultura é o aproveitamento forestal de espazos destinados á produción de madeira, leña ou resinas, pero que tamén poden ter un efecto positivo na protección de cuncas hidrográficas, a conservación de hábitats naturais –susceptibles de integrarse en parques naturais protexidos- e o desenvolvemento de espazos recreativos.

2.- Atendendo ao documento, responda ás seguintes cuestións:

a) Identifique a figura e indique a que área litolóxica se corresponde cada número sinalado na lenda.

Trátase dun mapa da Península Ibérica e dos arquipélagos canario e balear de tipo corocromático-temático coa trama de provincias, a rede fluvial principal e a representación corocromática da litoloxía predominante na Península e nos arquipélagos.

XEOGRAFÍA

Número 1 coa cor rosa: Área silícea

Número 2 coa cor verde: Área calcaria

Número 3 coa cor amárela: Área arxilosa

Número 4 coa cor morada: Área volcánica

b) Relacione as catro litoloxías coas unidades morfoestructurais fundamentais.

Área silícea:

- Rochas moi antigas, do Precámbrico e do Paleozoico que foron antigos macizos arrasados.

- Localízanse nas rexións nas que aflora o vello zócalo herciniano ou varisco da Meseta e en zonas doutros macizos antigos. Todo o terzo oeste peninsular (excepto zona de Lisboa) e se estende cara o oeste da Cordilleira Cantábrica, Sistema Central, Montes de Toledo e Serra Morena; e formando manchas illadas, no eixe central dos Pireneos, Penibéticas, algunhas serras do Sistema Ibérico e a Cordilleira Costeira-Catalá.

Área calcaria:

- Rochas sedimentadas durante o Mesozoico e comezos do Terciario que co pregamento alpino formaron os conxuntos montañosos da zona oriental española.

- Esténdese formando unha Z invertida, desde as costas catalás ata o estreito de Xibraltar. Pireneos, Sur da Cordilleira Costeira-Catalá, Montes Vascos, e metade oriental da Cordilleira Cantábrica, Sistema Ibérico e Subbéticas. Domina no arquipélago balear, salvo as chairas centrais.

Área arxilosa:

- Rochas que foron depositadas a finais do Terciario e no Cuaternario.

- Se estende polas depresións terciarias: as cuncas castelás, as depresións do Ebro e Guadalquivir; as chairas litorais mediterráneas e a depresión do Sado-Texo.

Área volcánica:

- Nas erupcións volcánicas durante a era terciaria, ascenderon masas de rochas volcánicas.

- Illas Canarias e zonas da península como Cabo de Gata, Olot e Campo de Calatrava.

c) Rochado predominante e exemplos de modelado correspondente a cada área litolóxica.

Área silícea:

- Poden ser rochas metamórficas como as lousas, xistos ou gneis, ou ígneas como o granito.

- Relevo granítico: áreas pardoamarelas, crestas, pedregais, domos, berrocais, caos granítico.

Área calcaria:

- Rocha predominante e a calcaria.

XEOGRAFÍA

- Relevo cárstico: lapiás, foces, poljés, dolinas, covas e simas.

Área arxilosa:

- Rochas como as arxilas, margas e xesos.

- Forman relevos basicamente horizontais, por non sufrir pregamentos posteriores. A súa rápida erosión xera:

- Zonas de escasa vexetación: cárcavas que poden orixinar os badlands.
- Zonas onde a erosión dos ríos abriu vales que separan estruturas horizontais con alternancia de materiais e orixinan chairas suavemente onduladas: as campiñas.

Área volcánica:

- Segundo a viscosidade da lava e a proporción de produtos sólidos poden ser: lapilli, escorias, bombas volcánicas ou coladas.

- Formas máis características: conos volcánicos, calderas, domos, malpaíses, diques, barrancos volcánicos.

3.-Desenvolva o tema: As paisaxes agrarias españolas. Debe incidirse nas grandes tipoloxías paisaxísticas, indicando para cada una delas: a) Localización aproximada; b) Clima e vexetación asociada; c) Tipo de estrutura e aproveitamento agrario.

Segundo se combinen diversos factores físicos, sociais e culturais, as paisaxes agrarias españolas agrúpanse en cinco grandes tipos: paisaxe atlántica, mediterránea, de interior, de montaña e paisaxe de Canarias. Cada unha destas paisaxes pode presentar particularidades que fan de España un país con gran diversidade paisaxística.

-Paisaxe agraria atlántica.

As paisaxes atlánticas son propias dos espazos litorais e prelitorais da cornixa cantábrica e das terras galegas. Predominan as zonas montañosas e, por tanto, o relevo é accidentado.

O clima é oceánico chuvioso con temperaturas suaves, o que favorece a presenza de prados e bosques caducifolios. O bosque caducifolio foi explotado de forma intensiva para obter madeira ou para a ampliación dos prados. Actualmente, procédese a repoboacións forestais de especies máis produtivas, como o pino e o eucalipto.

A agricultura ocupa pouca extensión. Actualmente, o policultivo orientado ao autoconsumo desapareceu case por completo. O prado dedícase a pasto para a gandería bovina ou ben á produción de forraxe. O monocultivo que ocupa máis superficie é o millo forraxeiro. Tamén é tradicional a maceira, para a produción de sidra.

A gandería está orientada á cría de vacún para leite, no País Vasco, Cantabria e Asturias. A fin de mellorar a produción, incrementouse a cabana gandeira coa

XEOGRAFÍA

introdución de novas razas, como a vaca frisona da cal se obtén máis e mellor leite. En Galicia, a produción de vacún destínase en boa medida a carne.

A estrutura agraria é minifundista, sobre todo en Galicia, onde o agricultor posúe pequenas parcelas diseminadas, por iso estimulouse a concentración parcelaria. As explotacións gandeiras son pequenas, tanto en superficie como en cabezas de gando, polo que predomina a explotación familiar ou as pequenas empresas, ambas relacionadas coas industrias láctea ou cárnica.

A dedicación gandeira explica que a poboación agraria viva dispersa en casaríos ou en aldeas. Actualmente, as facilidades nas comunicacións permiten aos gandeiros vivir en pobos cercanos, e algúns casaríos vanse convertendo en residencias de verán ou de fin de semana.

-Paisaxe agraria mediterránea.

As paisaxes mediterráneas ocupan terras do litoral e prelitoral mediterráneo, as áreas das depresións do Ebro e do Guadalquivir que reciben a influencia mariña e as Illas Baleares.

Na súa maioría son lugares de relevo accidentado pero hai chairas litorais e vales sedimentarios con solos fértiles. O terreo forestal, aínda que ten unha extensión importante, é pouco produtivo, porque a proporción de monte para extraer madeira é escasa. En xeral, as áreas arbóreas fóronse degradando ao igual que as arbustivas.

O clima caracterízase polas escasas precipitacións. A seca agudízase durante o verán, cando as temperaturas son máis altas. Estas condicións climáticas xustifican a práctica dunha agricultura de secaño, onde os cultivos principais son os cereais, a viña e a oliveira, que forman a triloxía mediterránea. A oliveira ocupa millóns de hectáreas, a maioría en Andalucía (Xaén); tamén destacan Badaxoz e Cidade Real. Outros cultivos mediterráneos son a amendoeira, a abeleira e o algarrobo.

Naquelas zonas onde as temperaturas son máis suaves e os solos fértiles practícase a agricultura de regadío, con técnicas sofisticadas de rego, difusión de invernadoiros, coidada selección de planteis e uso de toda clase de produtos fitosanitarios. Os principais cultivos son: as hortalizas temperás plantadas ao aire libre ou baixo plástico, como en Andalucía; os cítricos nas hortas de Levante, dende Castellón a Murcia, e os froitos tropicais (aguacate, chirimoia...) nas hoias andaluzas de Málaga e Granada, onde o inverno é moi suave.

A gandería ovina e caprina é extensiva nas zonas de secaño. A bovina e porcina teñen carácter intensivo en Cataluña xa que está destinada a abastecer a numerosa poboación dos núcleos urbanos.

A estrutura agraria caracterízase por explotacións de tamaño medio aínda que en Andalucía predomina o latifundio. Nas chairas litorais as explotacións son de pequenas dimensións cultivadas de forma intensiva.

A poboación, moi numerosa, tende a concentrarse en grandes pobos, aínda que tamén existe o hábitat disperso.

XEOGRAFÍA

-Paisaxe agraria de interior.

Este tipo de paisaxe comprende as terras interiores de Castela e León, Castela-A Mancha e enclaves das depresións do Ebro e do Guadalquivir. Predominan as zonas chas cunha altitude elevada na Meseta.

O clima é de tendencia continental con altas temperaturas estivais e fríos invernos con frecuentes xeadas. A falla de precipitacións en case todas estas zonas limita o tipo de agricultura e o crecemento dos bosques. O terreo forestal é escaso, en ocasións asociado a cultivos herbáceos ou barbeito, e ao pastoreo, como é o caso das dehesas.

As terras de interior teñen en común o cultivo de cereais, con rotacións de cultivos, de tipo bienal ou trienal. No pasado, o trigo foi o cereal principal, pero hoxe foi substituído pola cebada, que permite rotacións máis curtas e destínase prioritariamente ao consumo do gando. O traballo do campo está moi mecanizado; utilízanse abonos químicos e sementes de calidade, o que permitiu a redución do barbeito. Xunto aos ríos hai pequenas explotacións hortofrutícolas e captacións de auga para o rego ocasional dos cereais, coa fin de obter o maior beneficio posible co mínimo consumo.

Nas zonas de secaño predomina o gando ovino, que aproveita os prados de montaña (Meseta e Aragón). Nas proximidades dos núcleos urbanos atópanse naves de explotacións de gandería industrial (porcino, bovino e avicultura), mentres que nas dehesas estremeñas e salmantinas hai gandería extensiva industrial (porcina, ovina e bovina).

Tradicionalmente, a estrutura agraria era de terras moi parceladas cunha densa rede de camiños con centro en pobos grandes. Hoxe, nas zonas de secaño e nas campiñas do Guadalquivir predominan as explotacións grandes cunha agricultura extensiva mecanizada. Nas zonas de regadío a propiedade é mediana. Sen embargo, estase substituíndo por propiedades extensas e tecnificadas cuxa produción destínase á industria agroalimentaria.

A poboación é escasa, predomina a poboación avellentada a causa dun elevado éxodo rural. O hábitat concéntrase tanto en pequenos núcleos rurais como en cidades de longa tradición agropecuaria.

-Paisaxe agraria de montaña.

As paisaxes agrarias de montaña localízanse nas altitudes baixas e medias do Norte peninsular e nas altas e medias do Sur. Son zonas de relevos escarpados onde o clima é frío con precipitacións en forma de neve e cun considerable contraste entre a vertente Sur, máis cálida e a vertente Norte, de máis baixas temperaturas.

As actividades agropecuarias e silvícolas caracterízanse polo graduamento dos usos do solo segundo a altitude e a insolación. Nas montañas do Norte as paisaxes son parecidas ao modelo alpino, con terras de pasto, hortas e cultivos no fondo dos vales, bosques nas vertentes e prados de altura. Nas montañas do Sur, os cultivos gradúanse ata os 1500 e 2000 m. na parte de solaina. As ladeiras baixas están traballadas en bancais, hoxe moi abandonados pola dificultade de empregar maquinaria.

XEOGRAFÍA

A explotación forestal baséase no aproveitamento da faia e do castiñeiro, cuxa madeira é moi apreciada. Son especies de crecemento lento, por iso estendeuse a repoboación de piñeiros (para madeira e pasta de papel) e de eucaliptos. A gandería é bovina e ovina, criada de forma extensiva. A ovina mantén unha trashumancia local.

A estrutura agraria é de pequenas propiedades de áreas cultivadas en vales e ao pé das montañas mentres que moitas superficies forestais continúan sendo de propiedade municipal ou mancomunada entre varios concellos.

O poboamento é escaso e concéntrase en pequenos núcleos dos vales que tamén articulan as comunicacións. En xeral, os vales e as terras situadas ao pé da montaña están moi parceladas e separadas por sebes e camiños arborados. Algúns bosques aclaráronse en niveis baixos para pastos. Actualmente, as paisaxes de montaña transfórmanse debido ao impacto do turismo.

-Paisaxe agraria de Canarias.

A paisaxe agraria de Canarias caracterízase por:

- Factores físicos. O arquipélago, de solos volcánicos, ten un relevo escarpado, por tanto, débense aproveitar para a agricultura barrancos, cumios e ladeiras. O clima é cálido subtropical con tan escasa pluviosidade que ás veces recorre aos cultivos baixo enareados artificiais para conservar a humidade ao máximo.
- Sistemas agrícolas e gandeiros. O primeiro produto segue sendo o plátano, con algo máis de 400.000 Tm producidas en 2019; coa maior produción en Tenerife e A Palma. O segundo produto é o tomate de exportación (Gran Canaria, Tenerife e Fuerteventura) e despois a pataca (Tenerife e Gran Canaria). Para aumentar o rendemento instaláronse importantes superficies de cultivos protexidos baixo plástico que acadan boas colleitas de hortalizas, tomate de exportación e froiteiras en Gran Canaria e de froiteiras e plátanos en Tenerife.

A gandería máis numerosa é a caprina, que nos últimos dez anos aumentou o número de cabezas en máis dun 35%; séguelle a ovina que case triplicou o seu número, mentres que o bovino e o porcino están en retroceso.

- Estruturas agrarias. O tipo de propiedade é variado. En zonas de longa tradición de economía de subsistencia a propiedade é pequena, en cambio, na costa, hai propiedades extensas destinadas á comercialización da súa produción. A poboación agraria está en franco retroceso e a dedicada ao pastoreo é poboación avellentada. O hábitat rural é concentrado.
- Explotación forestal. Os bosques canarios sufriron no pasado talas abusivas para a súa explotación ou para conseguir máis espazo agrícola. Actualmente boa parte da superficie forestal está protexida, en especial os bosques de pino canario e a laurisilva, con zonas declaradas Patrimonio da Humanidade, como o Parque de Garajonay, en A Gomera.